A FUNDACIÓN RAMÓN DOMINGUEZ CONCEDE AXUDAS PARA DESENRROLAR TRES PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN EN LUGO

Carlos González Juanatey, Pablo Ignacio Varela Centelles e Rafael Golpe Gómez realizarán proxectos de investigación relacionados coa súa especialidade, co apoio da Fundación Ramón Domínguez

Lugo, venres 19 decembro de 2014.- Tres especialistas da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos realizarán proxectos de investigación sanitaria avalados e con axudas económicas da *Fundación Ramón Domínguez para a Investigación, o Desenvolvemento e a Innovación Biosanitaria*.

O comité de avaliación da *Fundación Ramón Domínguez,* de acordo coas bases da convocatoria de axudas de proxectos de investigación biomédica na Xerencia de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte, e unha vez analizada toda a documentación aportada polos candidatos, decidiu conceder tres axudas económicas para levar a cabo proxectos de investigación a tres especialistas da provincia: os doutores Carlos González Juanatey, Pablo Ignacio Varela Centelles e Rafael Golpe Gómez.

O proxecto de investigación liderado polo doutor Carlos González Juanatey, xefe do Servizo de Cardioloxía do Hospital Universitario Lucus Augusti, versará sobre a *utilidad de la ecografía carotidea en el diagnóstico de la enfermedad arterial coronaria y su posible valor pronóstico en pacientes con dolor torácico sometidos a ecocardiografía de esfuerzo*.

Pablo Ignacio Varela Centelles, especialista en Odontoloxía no Servizo de Atención Primaria da Praza do Ferrol, realizará un proxecto de investigación para abordar os *conocimientos sobre cáncer oral y enfermedad periodontal en Galicia.*

Finalmente, a Fundación Ramón Domínguez concedeu tamén unha axuda ao doutor Rafael Golpe Gómez, especialista do Servizo de Neumoloxía do Hospital Universitario Lucus Augusti, para estudiar a *repercusión cardiovascular e respiratoria de la exposición al humo de biomasa (Estudio LAREIRA).*

A Fundación Ramón Domínguez para a Investigación, o Desenvolvemento e a Innovación Biosanitaria naceu en xaneiro de 2013 trala fusión da Fundación IDICHUS, do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, e da Fundación FIDI- Xeral Calde, do Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo. Polo tanto, o seu ámbito de actuación son as Xerencias de Xestión Integrada de Santiago de Compostela e Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

Dita Fundación ten por obxectivo fundamental impulsar a investigación, a docencia, o desenvolvemento científico e a innovación sanitaria nas Xerencias de Xestión Integrada da súa influencia, promovendo proxectos, como os citados anteriormente, que potencien a investigación e a innovación como ferramenta principal de mellora no ámbito sanitario. Neste senso, a Fundación Ramón Domínguez actúa como soporte de diversos grupos de investigación en todas as fases da cadea de valor da investigación biomédica.

Clasificación

Categorías:

- Temas, Investigación
- Colectivos, Profesionais
- Interésame, Estou investigando

Etiquetas:

- Ayudas para investigación Hospital Lucus Augusti